



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A CONFEDERACION DE EMPRESARIOS DE HOSTELERÍA, COMERCIO E SERVIZOS DE OURENSE PARA A IMPLEMENTACIÓN E FORMACIÓN DE MEDIDAS HIXIÉNICO-SANITARIAS PARA ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS E ALOXAMENTOS TURÍSTICOS PREVISTA NO PLAN DE REACTIVACIÓN DOS SECTORES CULTURAL E TURÍSTICO FRONTE AOS EFECTOS DERIVADOS DA COVID-19.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Confederación de Empresarios de Hostelería, Comercio e Servizos de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Confederación de Empresarios de Hostelería, Comercio e Servizos de Ourense (en diante Confederación) no desenvolvemento da medida 28 do Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19, aprobado polo Consello da Xunta o pasado 30 de abril de 2020, coa realización de accións de formación e implantación de medidas hixiénico-sanitarias para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos con independencia de que estean ou non asociados, en concreto:

1. WEBINAR: Formación online sobre as distintas medidas para a redución do contaxio polo coronavirus SARS-COV2 do seu respectivo sector.

Explicarase aos empresarios e traballadores do sector turístico convocados o contido da especificación do seu sector e realizarase con criterios eminentemente prácticos para favorecer o cumprimento dos requisitos e recomendacións incluídas nos protocolos.



Nas distintas sesións formativas agruparanse por sectores e, nalgúns casos, por sectores e provincias en función do número de establecementos de cada sector.

A capacidade máxima das sesións formativas será de 100 asistentes. Cada sesión formativa durará aproximadamente 90 minutos.

O desenvolvemento de cada webinar consistirá nunha introdución dun representante da Xunta de Galicia e un directivo/técnico da asociación, un desenvolvemento teórico práctico impartido por un experto e un coloquio onde os participantes poderán formular preguntas. As preguntas que se formulen mediante o chat do webinar e que non dea tempo a abordar no desenvolvemento da mesma, responderanse con posterioridade a través do correo electrónico a quen a formule.

2. IMPLANTACIÓN ONLINE/TELEFÓNICA: A todas as empresas que froito das sesións formativas amosen a súa disposición a dar un paso máis no proxecto e queiran desenvolver o plan de hostalaría segura COVID-19, se lles ofrecerá un asesoramento enfocado a desenvolver o plan específico.

Este asesoramento consistirá nunha xornada de 2 horas de duración coa empresa, na cal axudarse á efectiva posta en marcha das accións do plan de hostalaría segura COVID-19.

Á finalización de cada xornada de consultaría o asesor fará entrega dun informe que será firmado polo empresario.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Para lograr esta finalidade a Axencia Turismo de Galicia, acomete no ámbito das súas competencias, un decidido apoio á promoción e fomento do sector turístico de Galicia a través daquelas accións que lle permiten acadar os seus obxectivos





Segundo.- A Confederación de Empresarios de Hostelería, Comercio e Servizos de Ourense é unha entidade sen ánimo de lucro, que conta con personalidade xurídica e capacidade de obrar, cuxo obxectivo é coordinar, representar, xestionar, fomentar e defender os intereses comúns dos empresarios e profesionais que nela se integran.

Como fins xerais, ten a xestión e defensa dos intereses comúns dos seus asociados, do sector da hostalería e o turismo.

Terceiro.- A crise xerada pola evolución epidemiolóxica do COVID-19 provocou unha parálise total do sector turístico. As estimacións e proxeccións actuais prognostican un impacto económico especialmente intenso nuns ámbitos moi supeditados aos desprazamentos, á confianza dos mercados e cunha marcada estacionalidade.

Nos próximos meses preséntase un escenario de recuperación lento e progresivo, condicionado polas medidas de restrición de mobilidade e concentración de persoas.

En consecuencia, as necesidades e demandas no eido turístico, por mor das medidas de contención do COVID-19, mudaron profundamente.

Neste contexto, o Consello da Xunta aprobou, o pasado día 30 de abril de 2020, o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da COVID-19.

O Plan recolle como medida principal da acción da Axencia Turismo de Galicia neste ano 2020 o programa Galicia, destino Seguro, establecendo a implementación dunha serie de medidas que convertan e difundan a idea de Galicia como un territorio seguro e incentiven a visita segura a Galicia.

Na medida 28, de apoio ao tecido empresarial e ao mantemento do turismo, contéplase o apoio á adecuación hixiénico-sanitaria para establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos. Esta medida pretende facilitar a adaptación dos establecementos aos requisitos esixidos nos protocolos hixiénico-sanitarios. A achega pública a este proceso de adaptación pretende limitar a carga financeira que pode supoñer para a cadea de valor do sector turístico. Favorecerá a adquisición de equipamentos e preparación de espazos para adoptar medidas en establecementos hostaleiros e aloxamentos turísticos.





Cuarto.- Que a través deste convenio, outórgase á Confederación de Empresarios de Hostelería, Comercio e Servizos de Ourense unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

